




# CONCELLO DE PARADA DE SIL



Remítolle acordo de aprobación do convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e este Concello en materia de transparencia e acceso á información pública a efectos de adhesión.-

Parada de Sil a 10 de novembro de 2015.-

A Alcaldesa



Asdo.- Yolanda Jácome Rodríguez

Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de OURENSE



# CONCELLO DE PARADA DE SIL

Campo da Feira, 1  
32740 - Parada de Sil (OURENSE)  
Telef. e Fax: 988 20 80 10

Parada de Sil a 9 de Novembro de 2015

**JOSÉ VILA DOCASAR,  
SECRETARIO DO CONCELLO DE PARADA DE SIL**

## CERTIFICO:

Que na Sesión que se indica e en relación co asunto que se cita produciuse a seguinte resolución:

**29 de Outubro de 2015  
PLENO ORDINARIO**

**2º.- APROBACIÓN DO CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E OURENSE E O CONCELLO DE PARADA DE SIL EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO A INFORMACIÓN PÚBLICA.-**

Dada conta pola Sra. Alcaldesa-Presidenta do Convenio marco de cooperación aprobado pola Deputación Provincial co obxecto de garantir o pleno cumprimento do establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno reseñando as accións de cooperación, as obrigas da Deputación, as obrigas das entidades locais adheridas, etc e tras ampla deliberación ó efecto. Sometida a votación, o Pleno, por unanimidade dos sete membros presentes dos sete que legalmente a contituen, acorda:

Primeiro.- Aprobar a adhesión do Concello de Parada de Sil ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

Segundo.- Transferirle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013 de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no dito convenio.

Terceiro.- Designar como persoa responsable da execución do convenio á Sra. Alcaldesa-Presidenta, facultándoa expresamente para a súa substitución así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ó Pleno.-

Cuarto.- Remitir á Deputación certificación deste acordo.-

E para que así conste, e surta os efectos oportunos, expido o presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, no lugar e data arriba indicada; coas reservas que establece o art. 206 do regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.-

Vº e Prace  
O ALCALDE

e-mail: